


GUÍA RESUMO

PARA A DIFUSIÓN DO

**PROTOCOLO
DE COORDINACIÓN
E COOPERACIÓN
INSTITUCIONAL
FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO
NA COMUNIDADE
AUTONÓMA DE GALICIA**

OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

XUNTA DE GALICIA



GUÍA RESUMO

PARA A DIFUSIÓN DO

**PROTOCOLO
DE COORDINACIÓN
E COOPERACIÓN
INSTITUCIONAL
FRONTE Á
VIOLENCIA DE XÉNERO
NA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA**

OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

XUNTA DE GALICIA



Edición

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade

Depósito Legal

DL C-71-2018

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	5
2. PREMISAS E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN	9
3. ESTRATEXIAS PARA A SENSIBILIZACIÓN E A PREVENCIÓN	11
4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN	21
5. MELLORAS E RECOMENDACIÓNS	33

Siglas empregadas:

CIM	Centro de Información á Muller
COPG	Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
CRI	Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero
FCS	Forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas
IMELGA	Instituto de Medicina Legal de Galicia
OP	Orde de protección
PAPMVX	Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero
PCOP	Punto de Coordinación de Ordes de Protección
SS	Servizos Sociais
VX	Violencia de xénero

1. INTRODUCCIÓN



Este caderno contén información básica relacionada co deseño e posta en marcha do **Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia** (en diante, Protocolo de coordinación VX) elaborado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade.

Trátase dun **documento de carácter divulgativo** que ten como obxectivo informar da existencia do devandito protocolo e achegar un resumo do seu contido, tanto á cidadanía como aos axentes que interveñen na loita contra a violencia de xénero.

O texto íntegro do Protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia atópase na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade para a súa consulta ou descarga¹.

¹ igualdade.xunta.gal

² https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Ademais, a Secretaría Xeral de Igualdade en colaboración con AMTEGA deseñou e puxo en marcha como recurso complementario do protocolo o **MAPA DE RECURSOS EN LIÑA PARA A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**, que contén os datos de localización e contacto de todos os recursos e programas que se desenvolven en Galicia en relación á atención das vítimas da violencia de xénero².

O **Observatorio Galego da Violencia de Xénero** constitúese a través do *Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012*, publicado no DOG Nº 142 do 26 de xullo de 2012, como órgano colexiado institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas públicas contra a violencia de xénero.

De acordo coas funcións e competencias atribuídas regulamentariamente, o Observatorio Galego da Violencia de Xénero promoveu no ano 2014 tres grupos de traballo:

- Grupo de traballo 1: Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia (GT1).
- Grupo de traballo 2: A voz das vítimas (GT2).
- Grupo de traballo 3: Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo (GT3).

No marco do GT1: *Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia*, levouse a cabo o proceso de deseño, redacción e validación do devandito protocolo, facilitando a participación das distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero para garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Así mesmo, as conclusións, achegas e melloras resultantes do GT2 A voz das vítimas foron incorporadas tamén ao Protocolo de coordinación VX, a través de propostas de mellora e recomendacións, así como, estratexias para a sensibilización e a prevención.

2. PREMISAS E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN



O Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia **configúrase como un documento marco** que establece os criterios da **intervención institucional para a prevención, atención e protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e para garantir unha actuación integral, áxil e coordinada.**

Enténdese como unha **ferramenta de traballo dinámica** que debe adaptarse de forma complementaria aos procedementos estandarizados existentes en cada área de intervención e aos recursos específicos e especializados.

Os principios de actuación que se tiveron en conta na fase de deseño, validación e elaboración do Protocolo de coordinación VX e que tamén interveñen na súa aplicación son:

- Actuación e atención integral, especializada, personalizada, áxil e inmediata ás persoas que sofren violencia de xénero.
- Detección e prevención como prioridade da actuación institucional e establecemento de recursos públicos para a loita contra a violencia de xénero.
- Respecto á intimidade e dignidade das persoas que sofren violencia de xénero.
- Fomento da autoestima e da autonomía das persoas afectadas pola violencia de xénero.
- Coordinación entre as actuacións das distintas entidades, axentes clave e administracións que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.
- Concienciación e sensibilización dos poderes públicos e da sociedade respecto da violencia machista e das desigualdades de xénero.

3. ESTRATEGIAS PARA A SENSIBILIZACIÓN E A PREVENCIÓN



PROPOSTAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO 1

FACILITAR A RESPOSTA INSTITUCIONAL E A COORDINACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

ESTRATEGIAS E PROPOSTAS

- | | | | |
|-----|---|-----|--|
| 1.1 | Difusión e accesibilidade do presente protocolo entre todas as entidades e institucións que interveñen na loita contra a violencia de xénero. | 1.3 | Creación dun espazo web no que as distintas persoas que traballan a prol da sensibilización e prevención da violencia de xénero poidan intercambiar experiencias, propoñer actuacións conxuntas, consultar dúbidas e recompilar a información sobre recursos existentes de forma actualizada, etc. |
| 1.2 | Servizo de consulta nos distintos ámbitos da violencia de xénero mediante correo electrónico da Secretaría Xeral de Igualdade para as persoas profesionais dos ámbitos de actuación recollidos no presente protocolo. | 1.4 | Creación dun registro único de expedientes relacionados coa violencia de xénero e regulación do acceso ao mesmo. |

OBXECTIVO 2

MELLORAR A ATENCIÓN E OS SERVIZOS PRESTADOS ÁS MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

ESTRATEGIAS E PROPOSTAS

- | | | | |
|-----|---|-----|--|
| 2.1 | Formación especializada en atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero para o persoal que traballa nos diferentes eidos de intervención. | 2.3 | Requirimento de formación previa para o acceso a postos especializados en materia de violencia de xénero, como xeito de medir e valorar a sensibilidade e interese na temática. |
| 2.2 | Inclusión de temas vinculados coa igualdade e a violencia de xénero (sensibilización, prevención, detección e tratamento), adaptados segundo o caso, nos procesos selectivos para o acceso aos distintos corpos profesionais implicados no protocolo. | 2.4 | Elaboración, publicación e difusión de materiais informativos sobre recursos e servizos existentes destinados a apoiar ás mulleres e menores que sofren violencia de xénero. |

OBXECTIVO 3

DAR VISIBILIDADE Á PROBLEMÁTICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO, INCIDINDO NAS CAUSAS, ALCANCE, CARACTERÍSTICAS E PREVENCIÓN

ESTRATEGIAS E PROPOSTAS

- | | |
|--|--|
| <p>3.1 Validación das campañas institucionais de sensibilización e prevención de ámbito autonómico con persoal experto das distintas áreas recollidas no protocolo.</p> <p>3.2 Aumento da difusión das campañas institucionais de carácter autonómico, en relación aos medios, lugares, actividades conxuntas, etc.</p> <p>3.3 Seguimento e avaliación das campañas institucionais de carácter autonómico. Análise do incremento do número de denuncias e/ou chamadas solicitando información nun período de tempo posterior á campaña.</p> | <p>3.4 Organización de obradoiros e charlas destinadas á poboación adulta en colaboración co tecido asociativo, entidades e institucións de carácter local (centros de información á muller, servizos sociais municipais, centros de atención primaria), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio Oficial de Traballo social, etc.</p> <p>3.5 Formación especializada para persoal que traballa nos diferentes medios de comunicación.</p> <p>3.6 Elaboración e difusión de informes periódicos sobre a atención realizada a mulleres e menores que sofren violencia de xénero.</p> |
|--|--|

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN SEGUNDO ÁREAS DE INTERVENCIÓN PARA A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DE XÉNERO E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

ÁREA EDUCATIVA

- **Difusión** e comunicación do **I Plan** de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Deseño de recursos **para profesorado e alumnado** que fomenten a análise de **roles e estereotipos** de xénero, que visibilicen o papel da muller e que mostren a existencia do machismo e do patriarcado.
- **Formación especializada** para a comunidade educativa que permita incluír a perspectiva de xénero en todas as materias e en todas as etapas educativas.
- Fomento dos **plans de igualdade** nos centros educativos como ferramenta complementaria ao plan de convivencia.
- **Recollida e análise de datos** sistemáticos sobre a percepción do alumnado que permita valorar a evolución do proceso de coeducación entre a mocidade.
- Designación de persoas responsables e interlocutoras da **igualdade de xénero nos consellos escolares**.
- Organización de **charlas lideradas por mulleres** que sufriron situacións de violencia de xénero e

por axentes que interveñen nos procesos institucionais de loita contra a violencia de xénero.

- Ampliación da **cobertura do programa** “Por 365 días de respecto e igualdade”.

- Establecemento de **ferramentas que axilicen a resposta en caso de intervención** e que melloren a capacidade de abordaxe por parte da comunidade educativa.

ÁREA SANITARIA

- Inclusión na formación continuada de persoal sanitario tanto da **atención integral ás mulleres e menores** que sofren violencia de xénero como de aspectos sobre **prevención e detección precoz a través dos homes** que exercen violencia.
- Realización de **sesións clínicas interdisciplinarias** sobre casos reais incluíndo casos nos que as mulleres ou menores se atopen en situacións de especial vulnerabilidade.
- Fomento dos **mecanismos para a coordinación** da área sanitaria con: centros de información á

muller (**CIM**), servizos sociais, Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (**CRI**) e **Rede galega de acollemento**.

- Difusión a través de campañas que mostren á sociedade que a **violencia de xénero** é obxecto de **atención sanitaria**.
- Incorporación nas políticas públicas sanitarias da violencia de xénero como **factor de risco que afecta á saúde**.
- Fomento a través da **relación do persoal sanitario coas mulleres e menores** de actitudes que fa-

vorezan a súa autonomía, o exercicio dos seus dereitos persoais, sexuais e de relacións sociais; que potencie a súa participación en actividades grupais dentro e fóra do sistema sanitario e que promova o seu desenvolvemento psico-social e o autocoidado.

- Promoción a través da **relación do persoal sanitario cos homes** de actitudes que favorezan a adopción de modelos de relación baseados na igualdade e na equidade para que desenvolvan **habilidades persoais e a xestión emocional**.

- Inclusión na actividade de Educación para a Saúde e Educación Maternal de programas específicos para ambos proxenitores, contidos de sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres, xunto a **modelos de crianza** baseados no apego seguro e de novas masculinidades dentro do rol paterno.
- **Colaboración con asociacións** a través de obradoiros, xornadas e charlas explicando as consecuencias da violencia de xénero na saúde e cal é o papel do persoal sanitario.

ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

- Desenvolvemento de programas de **sensibilización e formación especializada dos efectivos policiais** que interveñen nesta materia non só no relativo á súa profesión, senón en igualdade, violencia de xénero e na consideración das e dos menores como vítimas, afondando nas secuelas e recomendacións existentes.
- Fomento da **perspectiva de xénero** para mellorar a xestión de todos os recursos persoais dispoñibles.
- **Incentivo da participación e actuación das forzas e corpos de seguridade na loita contra a violencia de xénero**, mellorando a coordinación con outras instancias implicadas na intervención

e abordaxe das situacións de violencia de xénero, fundamentalmente con: centros de información ás mulleres (CIM), servizos sociais, Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) e a Rede galega de acollemento.

- Establecemento dun **programa especializado que contemple o apoio de profesionais da psicoloxía** na abordaxe da violencia de xénero na actuación e procedementos desenvolvidos no marco das forzas e corpos de seguridade.
- Posta en marcha de canles internas que favorezan a **coordinación e comunicación entre a área policial e os principais recursos sociais**.

- **Formación especializada** en igualdade de oportunidades e violencia de xénero, de carácter interdisciplinario, para todas as persoas que desenvolven algunha actividade ao longo do procedemento xudicial (avogadas e avogados, xuízas e xuíces, fiscalía, letradas e letrados da Administración de xustiza, persoal funcionario da Oficina Xudicial, etc.) que garanta unha **actitude próxima e o desenvolvemento de habilidades** necesarias para traballar cun colectivo tan específico, como o das mulleres e menores que sofren violencia de xénero.
- Desenvolvemento de **programas de sensibilización** nos que participen mulleres e menores que sufriron violencia de xénero, especialmente deseñados para avogadas e avogados, xuízas e xuíces e Fiscalía, orientados a modificar as actitudes á hora de intervir coas mulleres e menores, propiciando a proximidade e a escoita activa.
- Mantemento e mellora do programa de **formación continua** especializado en violencia de xénero deseñado **para as quendas de oficio** dos colexios de avogados/as.

- Deseño de **ferramentas específicas que insistan na coordinación** entre os servizos sociais comunitarios básicos e os específicos, especialmente entre os centros de información ás mulleres e o Programa de intervención familiar, tanto no eido da intervención como na detección e prevención.
- Establecemento de **instrucións concretas que axilicen a resposta**, resolución e comunicación en materia de violencia de xénero dos servizos sociais especializados cara os servizos comunitarios.
- Mellora dos **instrumentos específicos** para a colaboración coa **Rede galega de acollemento**.
- Mellora dos **instrumentos específicos** para a colaboración co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (**CRI**).
- Posta en marcha de mecanismos e ferramentas específicas que permitan poñer en marcha **itinerarios de formación e mellora para o emprego** nas mulleres que sofren violencia de xénero.
- **Formación continua entre o persoal especializado dos servizos sociais comunitarios** no eido da igualdade de xénero, avaliación de políticas públicas, deseño de proxectos en materia de igualdade de xénero e financiación.
- Promoción do **traballo en rede entre os centros de información á muller** para o establecemento de documentos de traballo que unifiquen e estandaricen criterios de actuación destes.

4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN



DOCUMENTACIÓN DE INTERESE³

- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015/20.


ASPECTOS CLAVES A TER EN CONTA

- Alcance da violencia de xénero tanto entre relacións adolescentes do alumnado (sufrida por unha moza do centro) como entre as alumnas e alumnos menores do centro que se atopan en situación de violencia de xénero no fogar.
- Especial relevancia da prevención, sensibilización e identificación da existencia de relacións desiguais, estereotipadas e tóxicas entre o alumnado.

- Actuación, implicación e resposta necesaria por parte de toda a Comunidade Educativa.
- Cadro con indicadores compatibles dunha situación de violencia de xénero.
- Itinerario de intervención concreto ante a existencia de indicios de que unha alumna sofre violencia de xénero por parte dun alumno do mesmo centro, como para o inicio dun procedemento corrector.
- Procedemento de actuación simplificado en casos de emerxencia.

3 No documento do protocolo, accesible a través da web da Secretaría Xeral de Igualdade, pódese acceder aos enlaces dos documentos referenciados.

IDENTIFICACIÓN E INTERVENCIÓN DENDE ÁREA EDUCATIVA




DOCUMENTACIÓN DE INTERESE⁴

- Procedemento de intervención en saúde. 2016.
- Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero. 2012.

ASPECTOS CLAVES A TER EN CONTA

- Violencia de xénero como factor de risco para a saúde que require actuación especializada.
- Relevancia da área sanitaria no proceso de identificación e detección de situacións de violencia de xénero a través da consulta de atención primaria e da urxencia hospitalaria.
- Ferramentas de traballo específicas para persoal sanitario.
- Importancia do parte de lesións.
- Procedemento e instrucións especializadas para actuar ante casos de agresión sexual.
- Coordinación interna na propia área sanitaria (atención primaria, urxencias, unidade de traballo do Sergas, etc.)
- Coordinación principal coas áreas xurídica, social e forzas e corpos de seguridade.

4 No documento do protocolo, accesible a través da web da Secretaría Xeral de Igualdade, pódese acceder aos enlaces dos documentos referenciados.



DOCUMENTACIÓN DE INTERESE⁵


- Protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección da violencia doméstica e de xénero, 2004.
- Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos de Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero, 2006.
- Protocolo de actuación e coordinación de forzas e corpos de seguridade do Estado e avogados ante a violencia de xénero, 2007.

ASPECTOS CLAVES A TER EN CONTA

- Área de intervención especialmente estandarizada a través de diversos protocolos e instrucións que establecen pautas de actuación e coordinación.
- Recóllense os fitos máis importantes establecidos nos protocolos existentes, incidindo na coordinación e atención integral (interposición denuncia, valoración policial do risco, medidas de protección).
- Actuación concreta con persoas dependentes, mulleres estranxeiras e existencia de menores.
- Coordinación principalmente coa área social, xurídica e sanitaria.

⁵ No documento do protocolo, accesible a través da web da Secretaría Xeral de Igualdade, pódese acceder aos enlaces dos documentos referenciados.

ATENCIÓN E INTERVENCIÓN POLICIAL



DOCUMENTACIÓN DE INTERESE⁶

- Guía de criterios de actuación xudicial fronte á violencia de xénero, 2013.
- Guía de boas práctica do avogado/a da muller vítima da violencia de xénero, 2012.
- Instrución 2/2005, do 2 de marzo, da Fiscalía Xeral do Estado sobre a acreditación polo Ministerio Fiscal das situacións de violencia de xénero.
- Protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia contra a muller nos supostos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e a súa comunicación aos órganos xudiciais e ao Ministerio Fiscal.

ASPECTOS CLAVES A TER EN CONTA


- Intervención no proceso xudicial de diferentes entidades (Xulgado, Fiscalía, colexios de avogadas/os, IMELGA e Oficina de Atención a Vítimas do Delito).
- Incidencia sobre os dereitos recoñecidos a mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero, habilitación de espazos e actitude por parte das e dos profesionais que interveñen ao longo do proceso.
- Coordinación principalmente coa área de forzas e corpos de seguridade e social.

⁶ No documento do protocolo, accesible a través da web da Secretaría Xeral de Igualdade, pódese acceder aos enlaces dos documentos referenciados.

COORDINACIÓN / INTERVENCIÓN
ÁREA DE FORZAS E CORPOS DE
SEGURIDADE / SANITARIA

Denuncia / Parte lesións
Atestado policial
Ministerio Fiscal

ACTUACIÓN E INTERVENCIÓN XURÍDICA



DOCUMENTACIÓN DE INTERESE⁷

- Proposta de pautas para a intervención integral e individualizada con mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas ao seu cargo, 2013.
- Protocolo de derivación entre centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas, 2015.
- Protocolo de acceso á Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, 2016.
- Guía de actuación ante a violencia de xénero para os/as profesionais de servizos sociais, 2007.


ASPECTOS CLAVES A TER EN CONTA

- Papel fundamental desta área no eido da prevención, sensibilización e como porta de entrada para a identificación e intervención inicial de asesoramento, asistencia e atención.
- Estrutura dos recursos conformada por diversos axentes e entidades que interveñen en diferentes momentos, requirindo coordinación interna entre os servizos xerais e os especializados (servizos sociais, centro de información á muller, Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, centros de acollida integrados na Rede galega de acollemento e Programa de atención psicolóxica a mulleres en situación de violencia de xénero).

⁷ No documento do protocolo, accesible a través da web da Secretaría Xeral de Igualdade, pódese acceder aos enlaces dos documentos referenciados.

- Plan de atención individualizada á muller e/ou menores (información, asesoramento, atención psicosocial, asistencia xurídica inicial, atención psicolóxica, intervención recursos especializados).
- Coordinación con todas as áreas: educativa, sanitaria, forzas e corpos de seguridade, xurídica e tamén cos Puntos de encontro familiar.

ACTUACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL



5. MELLORAS E RECOMENDACIÓNS



Dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero constituíuse o Grupo de traballo GT2 denominado A voz das vítimas.

Este grupo creouse a proposta das vogalías que representan ao Consello Galego das Mulleres no OBG-VX, e a súa finalidade foi a de levar a cabo un proceso de escoita activa e información, directamente con mulleres que sufriran unha situación de violencia de xénero, para achegar luz sobre a realidade que se atoparon no seu camiño de saída da violencia e poder achegar, a través da súa experiencia, melloras ao proceso de atención e intervención con mulleres que sofren violencia de xénero.

As conclusións e achegas do GT2 A voz das vítimas foron incorporadas ao GT1. *Elaboración dun Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A continuación sinálanse as principais propostas no que respecta á identificación de mellora e recomendacións de carácter xeral que xurdiron do GT2 e que foron incluídas ao documento do devandito protocolo:

- **Visibilidade das e dos menores como vítimas de violencia de xénero**, establecendo recursos e procedementos de actuación específicos que faciliten a abordaxe integral e intervención a todos os niveis.
- Establecemento de ferramentas que permitan **analizar de forma anónima a valoración realizada polas mulleres** que se atopan ou atoparon en situación de violencia de xénero e que acoden ou acudiron aos recursos existentes.
- Posta en marcha dun **sistema áxil, rápido e anónimo** que facilite a realización dunha **queixa ou suxestión**.
- Desenvolvemento de programas de **formación continuada** en igualdade e violencia de xénero en todas as áreas de intervención.
- Creación dun **servizo profesional de acompañamento emocional** e apoio para a realización de trámites ou xestións vinculadas coa violencia de xénero para as mulleres que, logo da valoración técnica, así o precisen.
- Elaboración dun manual sobre **como tratar os datos de carácter persoal das persoas usuarias** dos servizos das distintas áreas de intervención en materia de violencia de xénero.
- **Intervención especializada a nivel familiar** ante o impacto xerado pola violencia de xénero na contorna familiar.
- Programación de accións formativas para **actualización, habilidades sociais e sensibilización** para promover a prevención e detección precoz da violencia de xénero en todas as áreas de intervención.
- Fomentar **o traballo en rede**, así como o deseño e configuración de recursos utilizando como ferramenta principal as mesas e grupos de traballo.
- Incidir na **mellora da coordinación e actuación integral** na loita contra a violencia de xénero.



OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO

galicia

DL C-71-2018



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE SERVICIOS SOCIALES
E IGUALDAD

DELEGACIÓN
DEL GOBIERNO
PARA LA VIOLENCIA
DE GÉNERO



XUNTA
DE GALICIA